

☒ Roteiro a pé por Gres


 Sequencia de números

- 1 Paso 1: A Casa do Romano
- 2 Paso 2: A escola
- 3 Paso 3: O serradoiro
- 4 Paso 4: A casa nova
- 5 Paso 5: O resío
- 6 Paso 6: A ponte románica
- 7 Paso 7: A casa de Castelo
- 8 Paso 8: As Insuas de Gres
- 9 Paso 9: A Capela do Carme e...
- 10 Paso 10: A igrexa e o cemiter...
- 11 Paso 11: Fundación Xosé Ne...

☒ Outros lugares de interese

 Estilos individuais

-  Pena Anduriña
-  Castromouzo
-  As Xuntas



Seguindo os pasos de Xosé Neira Vilas en Gres

Roteiro a pé:



por María Luz Barreiro Otero



Paso 1: A Casa do Romano

Nesta casa naceu Xosé Neira Vilas no 1928 e viviu nela ata o 1935. Moitos anos despois herdouna Pepe e doouna para convertela en biblioteca. Antigamente fora albergue de peregrinos; hoxe, é a sede da Fundación, museo etnográfico e biblioteca.

Paso 2: A escola

A escola estaba na Casa de Granxa, tamén coñecida como Pazo de Algara ou Casa do Marqués de Calderón. Pepe asistiu a esta escola dos sete aos trece anos.

Paso 3: O serradoiro de Pardo

Neira Vilas traballou neste serradoiro de Gres, que naquela altura era de Santiago Pardo. Desde os 16 aos 20 anos, cubicaba madeira e levaba a contabilidade, o seu primeiro traballo asalariado antes de emigrar.

Paso 4: A casa nova

Nesta casa viviu desde os 7 aos 20 anos, ata que marchou para América. A esta casa retornou por primeira vez no 1972, xa con Anisia Miranda, despois de máis de vinte anos na Arxentina e en Cuba, para reencóntrase coa familia, coa veciñanza, coa aldea.

Paso 5: O resío e o río

O resío é un espazo moi importante nas beiras do río Ulla, un espazo de traballo, de aprendizaxes, de xogos, de diversión para o rapaz Neira Vilas.

Paso 6: A ponte románica

Esta Ponte Ledesma é a vía de unión entre a aldea de Gres e a de Ledesma, o elemento arquitectónico imprescindible para unir a veciñanza. De orixe románica, seica construída polo Mestre Mateo, escenario de batallas napoleónicas e de moitas escenas da vida e obra de Neira Vilas.

Paso 7: A casa de Castelo

Nesta casa xuntábase con outros mozos e mozas para faceren teatro, circo, discursos e o entroido.

Paso 8: As Insuas

Este conxunto de insuas conforma unha fermosa área recreativa, lugar emblemático na comarca, de celebración da romaría de San Ramón, e con moita presenza na vida e obra de Neira Vilas.

Paso 9: A Capela e a Casa da Capilla

Dous puntos de interese ao pé da ponte: a Capela do Carme e a Casa da Capilla, pensión rural que tamén lembra a Neira Vilas.

Paso 10: A igrexa e o cemiterio de Gres

Aquí repousan definitivamente Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, cos pais, avós e veciñanza querida.

Paso 11: A Fundación Xosé Neira Vilas

Esta é a sede da Fundación que conserva e difunde o legado do autor: pasado, presente e, sobre todo, o futuro e continuidade da súa obra.